

PROCEDIMENTO NA ABAU PARA O ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

1. Persoas destinatarias

Poderá solicitar a aplicación deste procedemento o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo matriculado en segundo de bacharelato ou ciclo formativo de grado superior de formación profesional que se presente á proba de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade no sistema universitario de Galicia (ABAU), cando requira unha adaptación específica para a súa realización.

As solicitudes deberán facerse unicamente a través do centro no que o/a estudante realizase os estudos de bacharelato ou equivalentes.

As adaptacións que pode prestar a CiUG están recollidas nos anexos I e II. Só se farán adaptacións para estudantes que xa fosen beneficiarias/os destas, de xeito efectivo, durante o bacharelato ou a formación profesional.

2. Acceso aos estudos universitarios

O presente procedemento de actuación para a proba de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade enmárcase xuridicamente na aplicación do real decreto 412/2014, do 6 de xuño, polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao (BOE do 4 febreiro), na Orde PCM/63/2023, do 25 de xaneiro, BOE do 27 de xaneiro, pola que se determinan as características, o deseño e o contido da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade, as datas máximas de realización e de resolución dos procedementos de revisión das cualificacións obtidas, para o presente curso, así como na Orde do 24 de marzo de 2011 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do sistema universitario de Galicia (DOG do 4 de abril) e que sinalan que o acceso á universidade española, desde calquera dos supostos aos que se refiren os anteditos real decreto e ordes, levarase a cabo con pleno respecto aos dereitos fundamentais e aos principios de igualdade, mérito e capacidade. Así mesmo, teranse en conta os principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas, segundo o establecido na Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social (texto refundido no Real decreto 1/2013, do 29 de novembro). Cómpre sinalar que a día de hoxe existe un borrador de Orde Ministerial para as probas de 2024, na que non varía a redacción do artigo 4, comparado coa Orde PCM/63/2023.

O Real decreto 412/2014 especificamente determina as seguintes actuacións:

Artigo 5. Principios xerais de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao.

1. A admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao levarase a cabo con respecto aos principios de igualdade, non discriminación, mérito e capacidade.
2. Todos os procedementos de admisión á universidade deberán realizarse en condicións de accesibilidade para os estudantes con necesidades específicas de apoio educativo. As Administracións educativas determinarán as medidas necesarias que garantan o acceso e admisión destes estudantes ás ensinanzas universitarias oficiais de grao en condicións de igualdade. Estas medidas poderán consistir na adaptación dos tempos, a elaboración de modelos especiais de exame e a posta a disposición do estudante dos medios materiais e humanos, das asistencias e apoios e das axudas técnicas que precise para a realización das avaliacións e probas que establezan as universidades, así como na garantía de accesibilidade á información e á comunicación dos procedementos e ao recinto ou espazo físico onde estes se desenvolvan. A determinación das ditas medidas farase no seu caso en base ás adaptacións curriculares que se lle aplicaron ao estudante na

etapa educativa anterior, para cuxo coñecemento as administracións educativas e os centros docentes deberán prestar colaboración.

O Real Decreto 310/2016, do 29 de xullo establece:

No seu artigo 8.2: velarase pola adopción das medidas necesarias para asegurar a igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal do alumnado con necesidades educativas específicas derivadas de discapacidade.

Pola súa banda, a Orde do 24 de marzo de 2011 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (DOG do 4 de abril), establece:

Artigo 16º.-Estudantes con discapacidade.

1. A CiUG garantirá que os estudantes que presenten algún tipo de discapacidade poidan realizar os exercicios da proba de acceso á universidade nas debidas condicións de igualdade. A CiUG poderá adoptar as seguintes medidas: adaptación de tempos, elaboración de modelos especiais de exame, posta á disposición do estudante dos medios materiais e humanos, asistencia, apoios e axudas técnicas que precise para a realización da proba, así como a garantía de accesibilidade á información e comunicación dos procesos e ao recinto ou espazo físico onde esta se desenvolva.
2. En todo caso, a determinación destas medidas farase baseándose nas adaptacións curriculares cursadas no bacharelato.
3. O tribunal poderá requirir informes e a colaboración dos órganos técnicos competentes da administración educativa, así como dos centros onde cursasen bacharelato os estudantes con discapacidade.

3. Solicitudes e documentación necesaria

A solicitude deberá realizarse cubrindo o formulario web que recibirán no correo electrónico do centro.

Deberá acompañarse dunha autorización do interesado/a ou, no seu caso, dun titor/a legal (anexo I).

Tamén deberá enviarse un certificado, asinado polo director/a, secretario/a e orientador/a do centro, sobre as adaptacións levadas a cabo durante o curso (modelo no anexo II).

Xunto coa solicitude deberá achegarse, de ser o caso, o certificado que acredite o grao de discapacidade recoñecida e de considerarse, o ditame proposta no que se recollan as cuestións susceptibles de adaptación.

As solicitudes deberán enviarse por correo electrónico, indicando no asunto: "**Adaptación ABAU – Nome do centro – Nome de estudante**", a ciug@ciug.gal. De acordo cos estándares sobre envío de documentación, a suma total dos arquivos remitidos non debe exceder 10Mb.

4. Prazo de solicitudes

Para que a CiUG poida levar a cabo as medidas que se determinen, o prazo administrativo para o envío de solicitudes rematará o día 02/02/2024, salvo casos excepcionais que xurdan con posterioridade, en particular os relacionados coa escolarización tardía.

5. Pautas xerais para as adaptacións

A CiUG establecerá as adaptacións de acordo cos informes e documentos presentados, tendo en conta que **o contido dos exames e os criterios de corrección son os mesmos para todo o alumnado** e atendendo ás pautas xerais seguintes:

1. Información sobre o proceso.
2. Acceso ao recinto onde se desenvolve a proba.
3. Localización nun lugar específico da aula ou espazo habilitado.
4. Adaptación do tempo de exame (30 minutos adicionais para cada materia).
5. Lectura para a comprensión de enunciados, se fose preciso, co fin de facilitar a orde de resposta.
6. Disposición de medios materiais e humanos, cos necesarios produtos de apoio.
7. Supresión da audición de Lingua estranxeira, no caso de que exista, para o alumnado con discapacidade auditiva recoñecida.

A CiUG poderá adoptar outras medidas a partir da documentación achegada. As decisións adoptadas pola CiUG ao respecto serán remitidas por correo electrónico ao centro educativo.

6. Lugar de realización das probas

Dependendo do número de solicitudes e das adaptacións decididas, a CiUG pode asignarlle ao alumno/a unha comisión delegada distinta da do seu centro ou, cando sexa necesario, a Comisión ONCE-Santiago Apóstol (Pontevedra). **A asignación da comisión correspondente comunicaráse ao centro educativo e o alumno/a terá a obriga de acudir a ela para a realización das probas de ABAU.** Por mor da complexidade loxística e organizativa destas probas, non se poderán atender cambios de comisión despois dun mes desde a resolución provisoria de medidas de adaptación.